



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica

www.cigtelefonica.com

Sentencia desproporcionada e inxusta co sindicalismo máis reivindicativo

SENTENCIA: O xuíz ditaminou dous despedimentos procedentes e outro improcedente con dereito a reincorporarse á Empresa.

A CIG VALORA como inxusta e desproporcionada esta sentenza. Actitudes coma as que motivaron estes despedimentos prodúcense acotío en procesos de negociación colectiva ou de regulacións de emprego por diferentes causas. Sindicalmente é admitido e os propios medios de comunicación así o están a reflectir a diario.

E MÁIS, na Telefónica, as mesmas forzas sindicais que enchen de argumentos á empresa para impoñer sancións, promoveron e participaron en mobilizacións semellantes en maio do 91, decembro do 93, xuño do 95, maio do 98...

As sancións supoñen unha **VOLTA ATRÁS** no tempo, lembremos cando en 1976, en pleno proceso de negociación colectiva, a Empresa sancionou de xeito semellante a varios compañeiros de distintas forzas sindicais, incluídas as que hoxe conforman unha maioría no Comité Intercentros.

A CIG, unha vez máis, segue manifestando o seu total apoio aos despedidos e rexeita dun xeito claro as formas que empregou a Empresa e determinadas organizacións sindicais para lograr un obxectivo claramente definido: acabar co sindicalismo máis reivindicativo.

TODOS debemos reflexionar en prol da busca da unidade na que atoparemos a única ferramenta que nos queda no futuro para defender o noso posto de traballo e a mellora nas nosas condicións laborais.

Tamén dicir que a solidariedade demostrada ate agora cos compañeiros despedidos e sancionados debe animarnos a seguir na loita polo que consideramos esencial: a defensa do noso posto de traballo e a mellora das nosas condicións laborais.

O noso sincero **RECOÑECIMIENTO** para aqueles que manifestaron a súa solidariedade con todos os sancionados.

READMISIÓN PARA ÁLVARO E PORFIRIO !!!

Loita coa CIG pola defensa dos teus dereitos !!!

Santiago 24 de novembro de 2008